



ANUNCIO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA CIRCULACIÓN NAS VÍAS URBANAS DO MUNICIPIO.

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello na súa sesión do 22.02.2016 a modificación da Ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías urbanas do municipio, sométese o expediente, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, a exposición pública, para que por quen se consideren interesados podan presentarse as alegacións ou suxestións que se entendan oportunas.

A tal efecto, o prazo para exame do expediente e presentación de alegacións é de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da presente publicación.

Así mesmo, de conformidade co art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4), de Transparencia e Bo Goberno, sinálase que o texto da modificación que se aprobou inicialmente figura como anexo ao presente anuncio.

De non presentarse reclamacións en prazo e de acordo co referido precepto, a ordenanza considerarase definitivamente aprobada, entrando en vigor logo da súa publicación íntegra e o transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da devandita Lei 7/1985, segundo dispón o art. 70.2 do mesmo texto.

ANEXO: Texto da modificación proposta.

Engádesse un artigo, o 78 bis, coa seguinte redacción:

“Art. 78bis. A instalación de redutores de velocidade nas vías urbanas do municipio axus-tarase ao disposto en la ORDEN FOM/ 3053/2008, de 23 setembro, pola que se aproba a Instrución técnica para a Instalación de Redutores de Velocidade e Bandas Transversais de Alerta en estradas da Rede de Estradas do Estado, ou normativa posterior que a subs-titúa”.

Pontevedra, 29.02.2016.

O Secretario Xeral do Pleno

José Luis Mato Rodríguez

